



BASES QUE REXERÁN OS PREMIOS DE ENTROIDO 2026

1. OBXECTO E FINALIDADE DA CONVOCATORIA

O decreto de 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais establece no artigo 23 que *“as corporacións locais poderán conceder subvencións a Entidades, organismos ou particulares cuxos servizos ou actividades complementen os atribuídos á competencia local”*. Sinalando no seu artigo 24, que se considerará subvención calquera auxilio directo ou indirecto, valorable economicamente, a expensas das Entidades locais, que outorguen as Corporacións, e, entre eles, as becas, primas, **premios** e demais gastos de axuda persoal.

Neste sentido, o artigo 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, dispón que os Municipios, e por ende os Concellos, exercerán en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, en materia **de Promoción da cultura**, para o cual o artigo 118 Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, prevé a concesión de subvencións para, entre outras actividades, a promoción e difusión de bens integrantes do patrimonio cultural de Galicia.

O obxectivo principal destas bases é a regulación dos premios con motivo do Entroido de Bueu do ano 2026, cuxa celebración corresponde ao Concello de Bueu. Así, preténdese fomentar a participación de diversas agrupacións e colectivos durante os eventos do Entroido descritos nestas bases coa finalidade de reforzar a animación e programación dunha festividade que conta cunha historia propia na vila. Cómpre salientar que o Entroido conta cunha gran tradición na vila de Bueu e dende hai máis dun século xa se atoparon rastros das primeiras comparsas ou murgas, que constitúen o eixo central deste evento de forte compoñente popular.

Conscientes de que esta festa é un dos nosos patrimonios inmateriais máis prezados a conservar, dende o Concello de Bueu iniciamos hai uns anos un intenso labor de recuperación do Entroido tradicional, cunha aposta firme polas comparsas, a colaboración cos colectivos da vila e a diversificación de eventos





CONCELLO DE BUEU
CONCELLARÍA DE CULTURA

Rúa de Eduardo Vincenti, 8. 36930 - Bueu (Pontevedra)
TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400J. Rex. E.111

nos lugares das tres parroquias. A tradición dos colectivos das comparsas está documentada dende principios do século XX, sendo o modelo de Bueu diferente aos das outras localidades polo que é de vital importancia o apoio do Concello para mantela viva.

Dende os anos 80 vense celebrando o Enterro do Paxaro de Mal Agoiro, un evento multitudinario que involucra a moitos colectivos da vila, ademais de atraer a visitantes de toda Galicia ao tratarse dunha data practicamente única na que a maioría de entroidos xa finalizaron. A este evento súmase tamén o Desfile do Enterriño da Sardiña, que coincide co mércores de cinza.

2. CRÉDITO ORZAMENTARIO

Destínase un crédito máximo de 6.500,00 € que se imputará á aplicación 334/481.00 do orzamento de gastos do 2025 prorrogado para o 2026, para os premios aos participantes nos actos programados con motivo do Entroido de Bueu. En todo caso, e de acordo co establecido no artigo 56.2 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003 xeral de subvencións, dada a tramitación anticipada da convocatoria, esa contía quedará condicionada á existencia de consignación axeitada e suficiente na aplicación indicada do Orzamento Xeral do Concello de Bueu para o exercicio 2026.

Estes 6.500,00 € distribuiranse segundo os seguintes criterios:

I. Premios por participación nos actos do Entroido:

- 500 € ás comparsas de Bueu que participen nos actos programados ao longo de todo o Entroido de 2026.
- 150 € ás agrupacións de Bueu que participen no desfile do Enterriño da Sardiña de Bueu e teñan máis de 15 compoñentes.
- 120 € ás agrupacións que participen no desfile do Enterro do Paxaro de Bueu e teñan máis de 15 compoñentes.

II. Premios Enterro do Paxaro.

Premios ás comparsas de Bueu:





CONCELLO DE BUEU
CONCELLARÍA DE CULTURA

Rúa de Eduardo Vincenti, 8. 36930 - Bueu (Pontevedra)
TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400J. Rex. E.111

—150 € o 1º Premio

—100 € o 2º Premio

—75 € o 3º Premio

—50 € o 4º Premio

Premios ás ANPAS de Bueu:

—150 € o 1º Premio

—100 € o 2º Premio

—75 € o 3º Premio

—50 € o 4º Premio

Premios ás agrupacións de máis de 15 compoñentes:

—250 € o 1º Premio

—175 € o 2º Premio

—100 € o 3º Premio

Premios ás agrupacións de entre 3 e 15 compoñentes:

—100 € o 1º Premio

—80 € o 2º Premio

Premios ás Parellas:

—100 € o 1º Premio

—80 € o 2º Premio

Premios Individuais

—80 € o 1º Premio

—50 € o 2º Premio





CONCELLO DE BUEU
CONCELLARÍA DE CULTURA

Rúa de Eduardo Vincenti, 8. 36930 - Bueu (Pontevedra)
TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400J. Rex. E.111

O Xurado poderá deixar os premios desertos. Sobre as contías destes premios procederanse a aplicar os tributos que correspondan. No caso de que sumadas todas as cantidades propostas como subvencións excedan a consignación total, modificaríanse os importes aplicando reducións proporcionais a cada unha delas.

Cun mesmo CIF/NIF non poderán recibir máis dun premio por categoría nin máis dunha subvención por participación.

3. CONCORRENCIA COMPETITIVA

Os premios inherentes a este concurso concederanse en réxime de concorrencia competitiva, previo estudo e valoración por parte do xurado.

4. ENTES BENEFICIARIOS

Serán susceptibles de obter os premios regulados nestas bases as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas e sen ánimo de lucro, comunidades de bens ou calquera tipo de unidade económica ou patrimonio separado, que, aínda que careza de personalidade xurídica, poida levar a cabo as actividades ou proxectos ou se atopen na situación que motiva a concesión da presente subvención. En todo caso, as persoas e colectivos que resulten premiados/as deberán achegar unha declaración responsable na que se reflicta que se cumpren cos requisitos dos artigos 13 e 14 da Lei Xeral de Subvencións, é dicir, que no está en causa de prohibición para beneficiarse de axudas, así como a documentación acreditativa de que se encontran ao corrente das súas obrigas tributarias e coa seguridade social.

- a) Comparsa: definida como a agrupación musical de máscaras nun número superior a 6 persoas.
- b) Agrupación: definida como grupo de máscaras nun número superior a 3 persoas.
- c) Parella: a agrupación de dúas máscaras.
- d) Individual.





CONCELLO DE BUEU CONCELLARÍA DE CULTURA

Rúa de Eduardo Vincenti, 8. 36930 - Bueu (Pontevedra)
TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400J. Rex. E.111

e) Agrupación para o Enterriño da Sardiña: definida como grupo de máscaras nun número superior a 3 persoas e constituído na súa maior parte por rapazada.

5. REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS/AS

As comparsas deberán gardar unha unidade temática tanto no seu vestiario coma na súa actuación. Ademais deberán participar nos actos programados polo Concello de Bueu ao longo do Entroido 2026.

As agrupacións deberán gardar unha unidade temática tanto no seu vestiario coma na súa actuación. Poderanse excluír como beneficiarias das axudas reguladas nestas bases a todas aquelas persoas que non acrediten as condicións mínimas esixidas.

As carrozas deberán ter unha altura máxima de 4,50 metros e un ancho máximo de 4,00 metros. O número máximo de comparsas que participarán no desfile e que poderán recibir os premios virá determinado polo número de participantes no desfile e pola dispoñibilidade do espazo existente para este, e elixiranse por rigorosa orde de solicitude de inscrición no rexistro xeral.

6. PROCEDEMENTO E PRAZOS DE INSCRICIÓN

6.1. Para participar nos actos programados para o Entroido é condición imprescindible solicitar a inscrición no rexistro xeral de entrada do Concello (conforme modelo anexo), rúa Eduardo Vincenti 8, ou a través da Sede Electrónica do Concello de Bueu.

Para a participación nos premios do desfile do Enterro do Paxaro é imprescindible recoller a credencial na Sala de Exposicións Amalia Domínguez Búa (rúa Eduardo Vincenti, 2) dende as 15.30 ata as 16.30 horas do 22 de marzo de 2026.

O prazo de presentación de solicitudes de participación **será ata o 17 de febreiro de 2026 no caso do Desfile do Enterriño da Sardiña; e ata o 20 de febreiro para o Desfile do Paxaro de Mal Agoiro**. En ningún caso se admitirán solicitudes presentadas fóra de prazo.

No momento de formalizar a inscrición farase constar:





CONCELLO DE BUEU CONCELLARÍA DE CULTURA

Rúa de Eduardo Vincenti, 8. 36930 - Bueu (Pontevedra)
TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400J. Rex. E.111

—O nome da comparsa, agrupación, parella ou persoa e a modalidade e desfile na que participa.

—Número de membros que a compoñen. O número máximo que se terá en conta é o que figure na solicitude, salvo que o número de participantes que figure na acta do desfile sexa considerablemente menor.

—Nome, DNI, enderezo e teléfono da persoa representante (de non ser unha asociación constituída).

—Nome, CIF, enderezo e teléfono no caso de ser unha asociación legalmente constituída.

O día da celebración dos respectivos desfiles o xurado concederá os premios aos / ás participantes levantando acta do resultado.

6.2. Para o caso dos premios restantes, o xurado requirirá ao premiado/a a súa identificación, recolléndoa o/a secretario/a do xurado. No caso de que o premiado sexa un/unha menor, identificarase o/a representante legal.

7. XURADO E CRITERIOS

Os xurados dos dous desfiles estarán formados por representantes políticos e de asociacións da vila e actuando como Secretario/a un/unha traballador/a do Concello de Bueu.

O xurado aplicará os seguintes criterios de valoración: calidade técnica, calidade artística, impacto visual, creatividade e orixinalidade.

Cada persoa do xurado emitirá a súa valoración nunha acta e valorará cada criterio do 1 ao 5, resultando gañadora a proposta que sume máis puntos. En caso de empate, decidirse en función da proposta que acadara máis veces a puntuación máxima e así sucesivamente. O xurado levantará acta de valoración e poderá declarar desertos os premios se considera que non se consegue un nivel mínimo de calidade. O xurado tamén deberá desestimar de levar premio a todos aqueles participantes que consuman bebidas alcohólicas durante os desfiles.





CONCELLO DE BUEU CONCELLARÍA DE CULTURA

Rúa de Eduardo Vincenti, 8. 36930 - Bueu (Pontevedra)
TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400J. Rex. E.111

O fallo do xurado, que será inapelable, farase público na páxina web e nas redes sociais do Concello de Bueu. As persoas gañadoras serán avisadas tamén telefonicamente unha vez coñecida a resolución do xurado.

8. DESENVOLVEMENTO DA ACTUACIÓN

Enterriño da Sardiña

Para poder optar aos premios de agrupacións de Bueu é imprescindible que as agrupacións se inscriban e acompañen o Entroido no desfile que comezará o mércores 18 de febreiro ás 17.00 horas polas rúas da vila.

Comparsas de Bueu

Para poder optar aos premios de Comparsa de Bueu, é imprescindible que as comparsas se inscriban e acompañen o Entroido nos actos programados dende o día 13 de febreiro e que rematarán o domingo 22 de febreiro no Desfile do Enterro do Paxaro de Mal Agoiro de Bueu.

Enterro do Paxaro

Para poder optar aos premios de agrupacións, parellas e individual é imprescindible que as estes se inscriban e acompañen o Entroido no Desfile do Enterro do Paxaro de Mal Agoiro o domingo 22 de febreiro, que comezará coa concentracións dos/das participantes ás 16.30 horas na Sala de Exposicións Amalia Domínguez Búa na rúa Eduardo Vincenti n 2. A credencial recollerase no mesmo punto dende as 15.30 horas e ata as 16.30 horas.

9. CIRCUNSTANCIAS EXCEPCIONAIS

No caso de que as condicións climatolóxicas non permitan a organización dos desfiles, a entidade organizadora reserva os seguintes supostos:

Enterriño da Sardiña:

-Anulación definitiva do desfile.

-Traslado do desfile ao venres 20 de febreiro de 2026 ás 17.00 horas.

Enterro do Paxaro:





CONCELLO DE BUEU CONCELLARÍA DE CULTURA

Rúa de Eduardo Vincenti, 8. 36930 - Bueu (Pontevedra)
TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400J. Rex. E.111

-Anulación definitiva do desfile.

-Traslado do desfile ao domingo 1 de marzo de 2026 ás 17.00 horas.

A decisión estará tomada por unha comisión de entroido, composta por un/unha representante do Concello e representantes de colectivos que participan no Entroido de Bueu e asistiron ás reunións previas de dita comisión.

10. ÓRGANO COMPETENTE PARA A INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA

O órgano competente **para a instrución** da convocatoria, e posterior abono dos premios, será a persoa titular da **Concellería de Cultura, Infancia, Xuventude e Normalización Lingüística**, de conformidade coa Resolución de Alcaldía núm. 2023-1428 de 21 de xullo de 2025, de Delegación de Atribucións, publicada no núm. 151 do Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, mentres que o órgano competente **para a aprobación da convocatoria, a concesión de premios e abono dos mesmos**, será a persoa titular da **Alcaldía-Presidencia**, de conformidade co previsto nos artigos 10.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en relación ao disposto no artigo 21.1.s) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e no artigo 185 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

11. PUBLICIDADE

As bases publicaranse no Taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello de Bueu, no BOP a efectos da publicación da convocatoria na Base de Datos do Sistema Nacional de Publicidad de Subvenciones, e na páxina web do Concello de Bueu (www.concellodebueu.gal). Así mesmo tamén se difundirán no portal de transparencia municipal.

12. RÉXIME XURÍDICO APLICABLE

Para todo o non previsto nestas Bases, será de aplicación o establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de





CONCELLO DE BUEU
CONCELLARÍA DE CULTURA

Rúa de Eduardo Vincenti, 8. 36930 - Bueu (Pontevedra)
TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400J. Rex. E.111

Galicia , no Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do de xaneiro (RSG) e na Lei 39/2015 de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).

As bases da convocatoria e cantos actos administrativos deriven das mesma e das actuacións da comisión de valoración, poderán ser impugnados polos/as interesados/as nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015 de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

13. ACEPTACIÓN DE BASES E PROTECCIÓN DE DATOS

A participación no concurso implica a aceptación total das bases desta convocatoria. A súa interpretación correspóndelle exclusivamente ao xurado. As persoas que se presentan a este concurso autorizan expresamente o Concello de Bueu ao uso dos datos persoais achegados para os efectos relacionados co certame.

De conformidade co Regulamento xeral de protección de datos 2016/679 do Parlamento Europeo, do 27 de abril de 2016, e da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, infórmase de que os datos persoais obtidos serán incorporados a un ficheiro responsabilidade do Concello de Bueu cuxa finalidade é a xestión do presente concurso. Poderanse exercer os dereitos de acceso, rectificación, limitación do tratamento ou calquera outro establecido na normativa vixente mediante un escrito dirixido ao Concello de Bueu a través do correo electrónico concello@concellodebueu.gal.

Os autores/as ceden os dereitos de reprodución pública ao Concello a efectos de difusión da convocatoria e do fallo do xurado, tanto en medios escritos como electrónicos.

14. INCUMPRIMENTO

O incumprimento dalgunha das bases provocará a descualificación no concurso.

15. RECURSOS





CONCELLO DE BUEU
CONCELLARÍA DE CULTURA

Rúa de Eduardo Vincenti, 8. 36930 - Bueu (Pontevedra)
TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400J. Rex. E.111

Contra o acordo da aprobación destas bases, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao desta publicación (artigos 112 e seguintes e 124 e seguintes da LPACAP) ou ben directamente un recurso contencioso- administrativo perante o correspondente xulgado de Pontevedra, segundo o disposto no artigo 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso- administrativa, todo isto no prazo establecido no artigo 46 da citada lei, sen prexuízo de que se poida utilizar calquera outro recurso que se estime conveniente.





CONCELLO DE BUEU
CONCELLARÍA DE CULTURA

Rúa de Eduardo Vincenti, 8. 36930 - Bueu (Pontevedra)
TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400J. Rex. E.111

ANEXO I: SOLICITUDE PARA A PARTICIPACIÓN NO ENTROIDO DE BUEU

MODALIDADE NA QUE PARTICIPA:

☐

Agrupación de Bueu para o Enterriño da Sardiña

☐

Comparsa de Bueu con participación nas actividades do Entroido

ENTERRO DO PAXARO DE MAL AGOIRO:

☐

Agrupación de máis de 15 compoñentes

☐

Agrupación de entre 3 e 15 compoñentes

☐

Anpas

☐

Parella

☐

Individual

DATOS DA COMPARSA OU AGRUPACIÓN

Nome: _____

Número de compoñentes: _____

ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Enderezo: _____





CONCELLO DE BUEU
CONCELLARÍA DE CULTURA

Rúa de Eduardo Vincenti, 8. 36930 - Bueu (Pontevedra)
TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400J. Rex. E.111

C.P. : _____ Localidade: _____

DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE:

Nome e apelidos: _____

NIF: _____

Teléfono: _____

Relación coa entidade: _____

e-mail: _____

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA COA SOLICITUDE

- Fotocopia compulsada do NIF do/a representante

Bueu, _____ de _____ de 2026.

Asdo.: _____

CONSTITUCIÓN DA COMPARSA OU ASOCIACIÓN

O/A representante DECLARA:

Que con data _____ procedeuse a inscribir a COMPARSA, PARELLA OU AGRUPACIÓN PARA O ENTROIDO DE BUEU DE 2026, composta dos seguintes membros:

	NOME E APELIDOS	DNI
1		
2		
3		





CONCELLO DE BUEU
CONCELLARÍA DE CULTURA

Rúa de Eduardo Vincenti, 8. 36930 - Bueu (Pontevedra)
TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400J. Rex. E.111

4		
5		
6		
7		
8		
9		
10		
11		
12		
13		
14		
15		
16		
17		
18		
19		
20		
21		
22		
23		
24		
25		





CONCELLO DE BUEU
CONCELLARÍA DE CULTURA

Rúa de Eduardo Vincenti, 8. 36930 - Bueu (Pontevedra)
TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400J. Rex. E.111

26		
27		
28		
29		
30		
31		
32		
33		
34		
35		
36		
37		
38		
39		
40		
41		
42		
43		
44		
45		
46		
47		





CONCELLO DE BUEU
CONCELLARÍA DE CULTURA

Rúa de Eduardo Vincenti, 8. 36930 - Bueu (Pontevedra)
TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400J. Rex. E.111

48		
49		
50		

Declara,

- Que nesta data nomeouse a Don/Dona : _____

como representante desta COMPARSA, AGRUPACIÓN OU PARELLA para as relacións co Concello de Bueu.

- Que esta comisión organizadora solicita a súa participación nas actividades relacionadas co Entroido de Bueu 2026.
- Que esta Comparsa, Agrupación, Parella ou participante individual se compromete a levar a cabo as actividades recollidas nas bases reguladoras dos premios.
- Que segundo dispón o artigo 11 da Lei xeral de subvencións todos os membros asumen o mesmo compromiso de execución da actividade subvencionada.
- Así mesmo, todas as persoas abaixo asinantes declaran:
 - 1) toparse ao corrente nas súas obrigas co Concello de Bueu.
 - 2) Atoparse ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
 - 3) Non atoparse incurso en ningunha causa de incompatibilidade ou incapacidade para recibir axudas de administracións públicas.

Bueu, _____ de _____ de 2026.





CONCELLO DE BUEU
CONCELLARÍA DE CULTURA

Rúa de Eduardo Vincenti, 8. 36930 - Bueu (Pontevedra)
TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400J. Rex. E.111

Asdo.: _____

